

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A AXENCIA GALEGA DE INNOVACIÓN (GAIN) PARA A COLABORACIÓN E COMPARTICIÓN DE COÑECEMENTO NO MARCO DO PROXECTO SISTEMA INTELIXENTE RELACIONAL PARA O ACOMPAÑAMENTO (SIRA)

Lugar e data da sinatura dixital

REUNIDOS

Dunha parte, Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social e Igualdade, nomeada mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no uso das facultades que lle foron atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e no disposto no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991.

Doutra parte, Don Román Rodríguez González, presidente da Axencia Galega de Innovación (en diante, GAIN), con CIF Q1500386F e sede na Rúa Airas Nunes, s/n, 15702, Santiago de Compostela, en virtude das competencias que ten atribuídas segundo o artigo 10 do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se crea a Axencia Galega de Innovación e se aproban os seus estatutos, actúa en nome e representación da mesma.

Ambas partes, no exercicio das súas respectivas competencias e recoñecéndose capacidade legal suficiente, acordan subscribir o presente convenio e a tal efecto,

MANIFESTAN

1. As administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro





do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, no capítulo VI do Título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da entón Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

2. A Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, segundo o establecido no Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, e no Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, ten entre as súas funcións e competencias a coordinación das iniciativas de I+D+i no ámbito das TIC sociais e a supervisión da/s plataforma/s tecnolóxica/s que dean soporte a estas actividades dentro do sistema de servizos sociais, sen prexuízo daquelas que correspondan a outros órganos.

No marco das devanditas competencias inclúense as funcións dirixidas ao fomento de proxectos e actividades de investigación, desenvolvemento e innovación orientadas á mellora da calidade de vida, da autonomía persoal e da atención ás persoas en situación de dependencia ou maiores, en coherencia cos obxectivos da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, e da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

3. Que GAIN, en virtude do Decreto 50/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproban os seus estatutos, e do artigo 1 do Decreto 138/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación, ten atribuídas funcións de impulso, coordinación e execución das políticas da Xunta de Galicia en materia de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e innovación, así como o fomento da innovación no tecido produtivo e na Administración pública. No exercicio destas competencias, GAIN promove e apoia proxectos de Compra Pública de Innovación (CPI) como instrumento para fomentar a transferencia tecnolóxica, impulsar solucións innovadoras a retos públicos e dinamizar o ecosistema galego de I+D+i. A súa



participación no proxecto de CPI denominado Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) contribúe a garantir o aliñamento estratéxico coas políticas de innovación da Comunidade Autónoma, no asesoramento estratéxico, no apoio técnico e na posta en valor das capacidades do ecosistema galego de innovación.

4. Que a soidade non desexada pode definirse como unha experiencia persoal negativa na que unha persoa sente a necesidade de comunicarse cos demais e percibe deficiencias nas súas relacións sociais, ben porque ten menos relacións das que desexaría ou porque as que mantén non lle ofrecen o apoio emocional que necesita. Trátase, polo tanto, dunha condición incontrolable na que a persoa experimenta e sente soidade.

A soidade non desexada é unha problemática que afecta de forma transversal a distintos colectivos, pero que adquire especial gravidade entre as persoas maiores. Non se refire unicamente á ausencia de compañía, senón a unha experiencia subxectiva de insatisfacción coas relacións sociais existentes, con consecuencias demostradas sobre a saúde física, emocional e cognitiva de quen a padece.

5. Que o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) nace como unha iniciativa impulsada no ano 2025 pola Consellería de Política Social e Igualdade como resposta ao crecente reto social e sanitario que supón a soidade non desexada.

No mes de abril de 2025 a Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Maiores e Atención Sociosanitaria, levou a cabo unha consulta preliminar ao mercado co fin de coñecer o estado actual das ciencias e tecnoloxías aplicables. Esta consulta constitúe unha fase previa orientada a verificar a viabilidade técnica, identificar solucións potenciais e contrastalas. Isto senta as condicións necesarias para avanzar cara á futura licitación do proxecto.

6. O proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) é unha iniciativa de Compra Pública de Innovación (CPI), un instrumento que permite ás administracións públicas contratar solucións innovadoras que aínda non existen no mercado, o que favorece a investigación, o desenvolvemento e a innovación (I+D+i). Isto significa que a administración non define previamente un produto ou servizo pechado, senón que expón unha necesidade e promove que as empresas propoñan solucións



innovadoras. Neste caso, a necesidade formulada é dispoñer dun sistema avanzado que permita detectar e dar resposta á soidade non desexada, contribuíndo así a mellorar o benestar das persoas afectadas e a apoiar a toma de decisións públicas baseadas na evidencia.

7. Que o presente convenio ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade e GAIN, para o desenvolvemento de actuacións conxuntas de carácter estratéxico, técnico ou científico, orientadas a impulsar solucións innovadoras e actuacións colaborativas no marco do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA).
8. Que o desenvolvemento do Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA), como proxecto innovador, require dunha colaboración que combine coñecemento técnico e científico no ámbito sanitario e social, así como capacidades en innovación tecnolóxica, análise de datos e deseño de políticas públicas centradas nas persoas maiores. Neste contexto, GAIN conta cunha ampla traxectoria na promoción da investigación aplicada e da innovación tecnolóxica en Galicia, contribuíndo á modernización dos servizos públicos e ao impulso dun modelo de innovación orientado a misións de alto impacto social. GAIN aporta, coa colaboración, a súa experiencia no deseño estratéxico, planificación e implementación de políticas públicas de (I+D+i), que contribuirá á definición, posta en marcha e avaliación do proxecto.
9. Que con este obxectivo común, as partes asinantes consideran conveniente establecer un marco xeral de colaboración que canalice a cooperación entre ambas partes, desde unha perspectiva estratéxica e a longo prazo, en ámbitos de interese mutuo relacionados coa innovación pública na soidade non desexada e o envellecemento activo e saudable das persoas maiores.
10. Que o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) se alía cos obxectivos da Estratexia e Plan contra a Soidade non Desexada en Galicia, como parte do compromiso da Xunta de Galicia coa mellora da atención ás persoas que a padecen.
11. Que, no marco do Plan Estratéxico de Galicia 2022–2030, unha das principais liñas de actuación oríentase a deseñar a Galicia do futuro, situando no centro o reto



demográfico, mediante o impulso de novas medidas de dinamización adaptadas a unha sociedade cada vez máis envellecida e garantindo o benestar desta poboación. Este enfoque materialízase en iniciativas como o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA).

En particular, o Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) enmárcase no Eixe 1: O reto demográfico, ao situar o envellecemento activo, a soidade non desexada e o acompañamento personalizado no centro da súa proposta de innovación social e tecnolóxica. Así mesmo, contribúe ao Eixe 4: Cohesión social e territorial, ao favorecer a inclusión de colectivos vulnerables e mellorar a accesibilidade a servizos de acompañamento desde calquera punto do territorio. Desde unha perspectiva transversal, o proxecto tamén se alíña co Eixe 5: Gobernanza, ao reforzar a planificación pública baseada en datos e na avaliación do impacto das políticas sociais.

12. Que o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) se alíña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 das Nacións Unidas, en particular co ODS 3 (Saúde e Benestar), ao promover un estilo de vida saudable e contribuír ao benestar físico, emocional e social das persoas maiores.
13. Que existe un aliñamento entre o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) co marco estratéxico de innovación vixente a nivel estatal, autonómico, sectorial e internacional, posicionándose como unha iniciativa tractora que responde de forma coherente e sinérxica aos retos e prioridades identificados en cada un destes niveis.

Neste sentido, o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) encádrase plenamente nos obxectivos da Estratexia Española de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación (EECTI) 2021–2027, que orienta a acción pública cara a un sistema de I+D+i máis eficaz, orientado a misións e comprometido co benestar social, a sustentabilidade e a innovación inclusiva. En concreto, no que respecta aos principios reitores da EECTI:

- a. Coordinación de políticas públicas entre a Administración Xeral do Estado, as Comunidades Autónomas e a Unión Europea: o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) articula unha infraestrutura tecnolóxica



interoperable que facilita a colaboración entre servizos sociais, sanitarios e tecnolóxicos, mellorando a eficacia das intervencións públicas fronte á soidade non desexada.

b. Colaboración e axilidade administrativa: apóiase na Compra Pública de Innovación como instrumento clave para a experimentación de solucións tecnolóxicas avanzadas, aplicadas ao acompañamento dixital e emocional das persoas maiores.

c. Perspectiva de xénero: adopta un enfoque interseccional para visibilizar como a soidade e a exclusión tecnolóxica afectan de forma diferenciada ás mulleres maiores, persoas con discapacidade ou outros colectivos vulnerables.

d. Responsabilidade social e económica da I+D+i: prioriza o impacto social da innovación mediante tecnoloxías accesibles, éticas e orientadas ao reforzo da autonomía persoal e á prevención do illamento.

Respecto aos obxectivos da EECTI, o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) aliñase directamente con:

- Obxectivo 1: Ciencia, tecnoloxía e innovación ao servizo dos ODS, en particular o ODS 3 (saúde e benestar) e o ODS 10 (reducción das desigualdades).
- Obxectivo 3: Resposta aos desafíos de sectores estratéxicos nacionais como o envellecemento, a atención sociosanitaria e a cohesión territorial.
- Obxectivo 7: Impulso da I+D+i no tecido empresarial, mediante o desenvolvemento de solucións innovadoras por parte de empresas tecnolóxicas especializadas en intelixencia artificial, sensorización e tratamento de datos.

Á súa vez, o proxecto atopa encaixe nos seguintes eixes de actuación da EECTI:

- Eixe 1: Recursos financeiros públicos destinados á I+D+i
- Eixe 2: Recursos financeiros privados destinados á I+D+i
- Eixe 3: Contratación pública de I+D+i



- Eixe 4: Instrumentos financeiros para a innovación
- Eixe 8: Infraestruturas científicas e técnicas
- Eixe 9: Grandes instalacións científico-técnicas
- Eixe 10: Coordinación, avaliación e seguimento
- Eixe 11: Transferencia de coñecemento e tecnoloxía e xestión da I+D+i
- Eixe 12: Innovación empresarial e da Administración pública

14. Que o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) aliñase plenamente coas liñas estratéxicas de I+D+i nacionais recollidas no Anexo II da EECTI 2021–2027, enmarcándose en tres ámbitos clave.

En primeiro lugar, dentro da liña “Saúde”, vincúlase directamente coa liña estratéxica “Cancro e Xerociencia: envellecemento, enfermidades dexenerativas e crónicas”, que promove un enfoque integral e multidisciplinar para afrontar os retos asociados ao envellecemento activo e saudable. O proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) aborda de forma innovadora a soidade non desexada como un factor de risco psicosocial, propoñendo solucións dixitais que reforzan a autonomía, o autocuidado e o acompañamento emocional das persoas maiores.

En segundo lugar, dentro da liña “Mundo dixital, Industria, Espazo e Defensa”, o proxecto conéctase estreitamente coa liña “Intelixencia Artificial e Robótica”, que abrangue ámbitos como os sistemas intelixentes de predición, a robótica social, os asistentes conversacionais e o procesamento da linguaxe natural aplicados a contornos asistenciais e ás Administracións Públicas. Estas tecnoloxías constitúen o núcleo do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) , que propón unha arquitectura baseada en intelixencia artificial para detectar situacións de vulnerabilidade, proporcionar acompañamento personalizado e apoiar a toma de decisións en políticas sociais e de saúde.

Finalmente, o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) aliñase tamén coa liña estratéxica “Modelización e análise matemática e novas solucións matemáticas para a ciencia e a tecnoloxía”, ao integrar modelos predictivos avanzados, analítica de datos e visualización dinámica de indicadores para anticipar riscos de illamento e avaliar o impacto das intervencións públicas. Este enfoque permite mellorar



a eficiencia, a equidade e a orientación dos servizos sociais mediante ferramentas tecnolóxicas aliñadas coas prioridades nacionais de I+D+i.

No marco do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación (PEICTI) 2024–2027, o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) aliñase con catro programas estatais clave que estruturaran a política de I+D+i nacional:

- O Programa estatal para a Innovación, que impulsa solucións orientadas a retos mediante ferramentas como a Compra Pública de Innovación, está perfectamente aliñado co enfoque do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) para despregar tecnoloxías aplicadas á atención personalizada, ao autocuidado e á prevención da soidade non desexada.
- O Programa estatal de Transferencia e Colaboración, que promove a cooperación efectiva entre axentes do SECTI –administracións públicas, empresas tecnolóxicas, universidades e centros de investigación– para facilitar a adopción de tecnoloxías emerxentes no ámbito dos servizos sociais e sociosanitarios.
- O Programa estatal para a Investigación e o Desenvolvemento Experimental, que apoia o desenvolvemento de solucións baseadas no coñecemento en áreas como a saúde, o benestar ou a dixitalización, ámbitos directamente abordados polo proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) mediante o uso de intelixencia artificial, sensórica e interfaces conversacionais.
- E o Programa transversal de Impulso de Liñas Estratéxicas, na medida en que o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) se sitúa na intersección de varias liñas prioritarias recollidas no Anexo I do Plan Estatal de Investigación Científica e Técnica e de Innovación ,como son o envellecemento activo e saudable, a intelixencia artificial, a robótica social, a saúde dixital ou a modelización matemática, abordadas desde unha perspectiva transformadora e interdisciplinar.

15. Que a nivel autonómico, o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) aliñase de forma directa coa Estratexia de Especialización Intelixente de Galicia (RIS3 Galicia 2021–2027), en particular cos:



- RETO 3: Modelo de vida saudable baseado no envellecemento activo da poboación, un aliñamento que se materializa a través dunha proposta innovadora centrada na detección temperá de situacións de soidade non desexada, o acompañamento personalizado e a mellora do benestar emocional e social das persoas maiores. O proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) dota ás administracións públicas de capacidades tecnolóxicas avanzadas para deseñar servizos máis proactivos, humanizados e adaptados ás necesidades do envellecemento.
- Desde o punto de vista das prioridades transversais da RIS3, o proxecto aliñase coa Prioridade 2: Dixitalización, ao integrar tecnoloxías como a intelixencia artificial, a análise masiva de datos, os asistentes conversacionais e a interoperabilidade de sistemas, aplicados á transformación dixital dos servizos sociais e sanitarios. Así mesmo, encádrase plenamente na Prioridade 3: Enfoque cara ás persoas, promovendo solucións inclusivas e éticas orientadas ao benestar, á autonomía e á calidade de vida da poboación galega.

En canto aos ámbitos de priorización definidos na RIS3, o proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) vínculase directamente con:

- A economía prateada e dos coidados, mediante solucións tecnolóxicas para o acompañamento e a prevención do illamento;
- As novas solucións de hábitat e modelos de convivencia, ao favorecer contornos dixitais empáticos e personalizados;
- A administración pública dixital, contribuíndo a modernizar os servizos sociais con ferramentas baseadas en intelixencia artificial e datos abertos;
- A saúde dixital, desde un enfoque preventivo e relacional centrado no benestar psicosocial;



- A soberanía tecnolóxica, ao fomentar o desenvolvemento de solucións propias desde capacidades galegas;
- E as xerontotecnoloxías, ao aplicar tecnoloxías emerxentes especificamente orientadas ao acompañamento, á autonomía e ao envellecemento activo.

16. O proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) aliñase con varios dos obxectivos e programas estratéxicos recollidos no Plan Galego de Investigación e Innovación 2025–2027 (PGI+I).

En primeiro lugar, vincúlase co Programa Coñecemento (INTEGRA), ao xerar e aplicar coñecemento baseado en datos e intelixencia artificial para mellorar a capacidade de detección e resposta ante situacións de soidade non desexada na poboación maior.

Tamén se enmarca no Programa de Innovación e Emprendemento (INNOVA E EMPRENDE), ao fomentar a participación de empresas tecnolóxicas galegas mediante procesos de Compra Pública de Innovación orientados ao desenvolvemento de solucións dixitais de alto impacto social.

Así mesmo, relaciónase co Programa de Colaboración Estratéxica (CONNECTA), ao promover esquemas de cooperación entre a administración, o tecido empresarial e os centros de coñecemento para abordar de forma sistémica un reto sociosanitario complexo.

Finalmente, contribúe ao Programa de Posicionamento (POSICIONA), ao consolidarse como un proxecto tractor aliñado coa RIS3 Galicia, con capacidade de proxección nacional e internacional, demostrando o potencial do sistema galego de I+D+i para transformar os servizos públicos desde unha perspectiva tecnolóxica, ética e centrada nas persoas.

17. Que o 23 de xuño de 2023 se publicou no *Boletín Oficial del Estado*, núm. 149 do 23.06.2023, a Orde CIN/676/2023, do 16 de xuño, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas públicas no marco da Liña de Fomento da



Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación, destinada a fomentar o desenvolvemento e a adquisición de produtos ou servizos innovadores, co fin de:

- a) Mellorar os servizos públicos, en termos de eficacia ou eficiencia;
 - b) Mellorar a innovación e a competitividade empresarial, atraendo fondos para a I+D+i empresarial mediante a contratación;
 - c) Reforzar a comercialización da innovación empregando ao cliente público como cliente lanzador ou de referencia;
 - d) Estimular o emprendemento e a innovación, particularmente das PEME.
18. Que o pasado 25 de xuño de 2025 publicouse no *Boletín Oficial del Estado* número 152, o Extracto da Orde de 19 de xuño de 2025 pola que se aproba a convocatoria de tramitación anticipada correspondente ao ano 2025 das axudas públicas no marco da Liña de Fomento da Innovación desde a Demanda (Liña FID) para a Compra Pública de Innovación (CPI), do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades do Goberno de España.

Entre os criterios de priorización das operacións que establece a citada orde de convocatoria, recóllese a participación de axentes de I+D+i a través da sinatura de convenios de colaboración entre a entidade solicitante da axuda e estes, para o desenvolvemento do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA).

A Consellería de Política Social e Igualdade ten previsto concorrer a esta convocatoria cunha solicitude de financiamento para o desenvolvemento e implantación do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA). A formalización do presente convenio enmárcase dentro deste proceso preparatorio, co fin de sentar as bases de colaboración necesarias para a súa futura execución, no caso de que se obteña financiamento mediante a dita convocatoria.



19. Que existe un interese mutuo entre a Consellería de Política Social e Igualdade e GAIN en colaborar no marco do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) e, sobre a base destes antecedentes, as partes manifestan a súa vontade de formalizar o presente convenio de colaboración xeral de actuación.

En consecuencia, ambas partes acordan subscribir este convenio conforme ás seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O presente convenio ten por obxecto formalizar a colaboración entre a Consellería de Política Social e Igualdade, como entidade promotora do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) e a Axencia Galega de Innovación (GAIN), como entidade colaboradora, co fin de impulsar de maneira conxunta o deseño, a implementación e a avaliación do proxecto.

Esta colaboración permitirá dispoñer dun marco estable de asesoramento e apoio técnico no desenvolvemento do proxecto, que incluírá o intercambio de coñecemento a través da posta en común de datos estatísticos, indicadores de seguimento, informes técnicos e boas prácticas de xestión e innovación, así como a identificación de oportunidades e o asesoramento na aplicación de ferramentas e metodoloxías de I+D+i. Todo iso con especial atención no Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA), que se configura como unha iniciativa de Compra Pública de Innovación (CPI) e emprega este instrumento como panca para a posta en marcha de solucións tecnolóxicas avanzadas.

Segunda. Actuacións a realizar

GAIN prestará asesoramento á Consellería de Política Social e Igualdade no marco do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA), contribuíndo ao adecuado deseño, implementación e avaliación desta iniciativa estratéxica mediante a colaboración nas seguintes áreas:

- a) **Aliñamento estratéxico e planificación da I+D+i:** supervisión da coherencia do proxecto coa planificación estratéxica en I+D+i da Xunta de Galicia, en especial coa Estratexia RIS3 Galicia e o Plan Galego de I+D+i (PGI+I), garantindo a súa contribución



aos obxectivos autonómicos en envellecemento activo, saúde dixital, dixitalización dos coidados e despregamento de solucións tecnolóxicas centradas nas persoas.

b) Asesoramento no deseño e execución do proceso de Compra Pública de Innovación

(CPI): O proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) porase en marcha como instrumento da Compra Pública de Innovación, impulsado pola Consellería de Política Social e Igualdade como entidade promotora. Neste marco, GAIN trasladará boas prácticas e aprendizaxes doutros proxectos CPI, colaborando na definición estratéxica do proceso, no deseño dos instrumentos de contratación vinculados ao CPI, na estruturación operativa, asegurando a adecuada incorporación de criterios éticos, de accesibilidade e de impacto social, e facilitando a conexión do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) con redes autonómicas e estatais de innovación pública.

c) Conexión co ecosistema galego de I+D+i: como axente impulsor da innovación en Galicia, GAIN contribuirá á difusión do proxecto e á implicación de empresas tecnolóxicas, centros de investigación e entidades do terceiro sector no desenvolvemento de solucións avanzadas en ámbitos como a intelixencia artificial aplicada ao acompañamento personalizado, a sensórica doméstica, a predición de riscos psicosociais e a analítica de datos para a toma de decisións públicas no ámbito sociosanitario.

d) Sostibilidade e escalabilidade do proxecto: GAIN apoiará á Consellería de Política Social e Igualdade na identificación de sinerxías con outras estratexias, fondos e proxectos –como os vinculados á saúde dixital, envellecemento activo ou inclusión social –, co obxectivo de asegurar a sostibilidade do sistema máis alá da súa fase piloto e favorecer a súa evolución como modelo replicable de innovación orientada a retos sociais complexos.

No marco do presente convenio de colaboración, a Consellería de Política Social e Igualdade comprométese a proporcionar toda a información e apoio necesarios para que GAIN poida desenvolver a súa actividade de asesoramento no marco do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA), conforme á normativa vixente en materia de protección de datos.



A colaboración entre as partes, que se promoverá por iniciativa de calquera delas, poderá contemplar os seguintes aspectos:

- a. El asesoramiento aportado por GAIN en materias de promoción de la innovación, junto con el intercambio de información y datos proporcionados por la Consellería de Política Social e Igualdad, se orientará al diseño, ejecución y evaluación del proyecto Sistema Inteligente Relacional para el Acompañamiento (SIRA) y se materializará mediante la elaboración de informes, la creación de grupos de trabajo u otras formas de colaboración que se acuerden.
- b. A organización e execución de actividades comúns relacionadas coa promoción social da investigación e o desenvolvemento tecnolóxico.
- c. A realización de estudos de medición do impacto de proxectos de compra pública de innovación no ecosistema galego de innovación, mediante a análise de indicadores como o custo do proxecto, o investimento mobilizado, o desenvolvemento tecnolóxico alcanzado, así como os efectos sociais e a mellora na prestación de servizos.
- d. A organización de xornadas e seminarios sobre temas de interese común e centrados en campos relacionados co proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA).
- e. Cantos outros sexan considerados de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente convenio.

Terceira. *Tratamento de conflitos de intereses*

Para os efectos do presente convenio, entenderase por conflito de interese calquera situación na que os intereses persoais, institucionais ou económicos das persoas ou entidades implicadas poidan interferir, ou ser razoablemente percibidos como capaces de interferir, na execución obxectiva e imparcial das actividades derivadas do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA). -

En particular, GAIN, aínda que participa como entidade colaboradora no asesoramento, deseño, implantación e avaliación do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA), queda expresamente excluída de intervir como entidade beneficiaria, contratista ou



subcontratista nas actuacións financiadas que se presenten na solicitude de axuda ao abeiro da convocatoria da Liña FID de Compra Pública de Innovación. Esta exclusión responde á necesidade de dar cumprimento ao Criterio de Priorización III "Participación de diversos axentes de I+D+i" recollido na devandita convocatoria.

A colaboración de GAIN resulta necesaria para o desenvolvemento do proxecto; non obstante, esta participación non leva aparellada, en ningún caso, a percepción directa de fondos vinculados á execución material das actuacións financiadas, limitándose estritamente ás funcións indicadas na cláusula anterior e sen contraprestación económica.

En consecuencia, a sinatura do presente convenio por parte de GAIN leva consigo a súa inhabilitación para participar como licitadora, contratista, subcontratista, beneficiaria ou entidade colaboradora en calquera procedemento de licitación ou instrumento xurídico que se financie con cargo á axuda que, de ser o caso, se conceda para o desenvolvemento do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA).

Esta cláusula fundamentase no artigo 64 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, que establece a exclusión da contratación pública das persoas ou entidades cando a súa participación poida dar lugar a un conflito de interese que comprometa a imparcialidade ou a independencia no proceso de adxudicación.

Cuarta. Propiedade intelectual

Os dereitos de propiedade intelectual e industrial derivados do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) corresponderán á Consellería de Política Social e Igualdade, na súa condición de entidade promotora, sen que a participación de GAIN no marco do presente convenio implique, en ningún caso, a adquisición, cesión ou transmisión de dereitos de propiedade intelectual ou industrial sobre os mesmos.

O uso non autorizado, ou autorizado para un fin distinto ao pactado no presente acordo por unha das partes, ou o uso de calquera signo distintivo protexido polos dereitos de propiedade intelectual ou industrial desta, facultará á outra parte para instar a resolución do presente acordo.



Quinta. Financiamento

O presente convenio non contempla ningún tipo de contido económico entre as partes asinantes, nin xera ningún compromiso ou obriga recíproca de carácter económico ou financeiro que puidera ser obxecto de reclamación ou litixio. As actuacións que leven a cabo as partes no marco deste convenio desenvolveranse con cargo aos seus respectivos orzamentos correntes.

Sexta. Relacións laborais

A subscrición do presente convenio non supón, en ningún caso, a creación de relacións laborais, funcionariais ou contractuais adicionais entre o persoal da Consellería de Política Social e Igualdade e GAIN, nin viceversa. As obrigas derivadas do desenvolvemento do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) serán asumidas por cada entidade no marco das súas competencias e co seu persoal propio, sen que do convenio poida xurdir vínculo xurídico algún entre o persoal dunha das partes e a outra entidade.

En consecuencia, ningunha das partes poderá ser considerada responsable, xa sexa de forma directa, indirecta ou subsidiaria, polos actos ou omisións do persoal da outra parte durante a execución das actuacións previstas nin durante a vixencia do presente convenio.

Sétima. Comisión de seguimento

1. Para o seguimento do convenio así como para o coñecemento de calquera cuestión que poida xurdir sobre a súa interpretación, control da execución e cumprimento dos compromisos asumidos polas partes, constituirase unha comisión mixta de seguimento composta por catro persoas, designando cada unha das partes dúas, correspondendo a presidencia a unha das persoas representantes da Consellería de Política Social e Igualdade.
2. Designarase unha persoa que exercerá as funcións de secretaría da comisión, con voz pero sen voto, a proposta da parte que ostente a presidencia.
3. Cada membro titular da comisión contará cunha persoa suplente, designada pola mesma parte que nomee ao titular, co fin de garantir o funcionamento da comisión en caso de ausencia, enfermidade ou outra causa xustificada.



4. A comisión reunirse, con carácter ordinario, unha vez ao ano. A reunión terá lugar ao longo do ano natural, logo da convocatoria realizada pola presidencia da comisión, e sempre que unha das partes o solicite.

5. Correspóndenlle á comisión mixta as seguintes atribucións:

- a) Velar polo adecuado desenvolvemento do convenio e resolver calquera dúbida que se xere respecto del, sen prexuízo do establecido na lexislación correspondente.
- b) Realizar o control da execución e do cumprimento dos compromisos asumidos polas partes, analizar o funcionamento desta colaboración e formular, se for o caso, propostas de mellora.
- c) Elaborar unha ficha de seguimento anual do convenio sobre o funcionamento do mesmo.
- d) Difundir e promover o convenio asinado entre ambas partes.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Oitava. Natureza e réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, consonte co disposto no seu artigo 6, ao tratarse dunha relación de colaboración establecida entre un órgano da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e unha entidade integrante do seu sector público autonómico, cuxo réxime xurídico regúlase no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Rexerase polo disposto nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, en materia de convenios.



No caso de conflitos estarase ao disposto no artigo 18 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, relativo á resolución de conflitos na colaboración, cooperación e asistencia entre órganos e entidades do sector público autonómico.

Novena. *Protección de datos e confidencialidade*

Ambas partes comprométese a cumprir os deberes que se derivan da normativa en materia de protección de datos recollida na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, ditada para adaptar a lexislación española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

Os datos persoais das persoas físicas asinantes do convenio serán tratados exclusivamente polas partes asinantes coa finalidade de formalizar, executar e desenvolver o presente convenio, de conformidade co establecido no artigo 6.1 b) do Regulamento Xeral de Protección de Datos (RXPd).

Décima. *Extinción do convenio*

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo sen terse acordado a súa prórroga.
- b) O acordo unánime das partes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos por parte dalgunha das partes.
- d) A decisión xudicial declaratoria de nulidade.
- e) Calquera outra causa prevista nas leis.



No caso de incumprimento das obrigas asumidas no presente convenio, a parte incumpridora poderá ser requirida pola outra parte para que emende dito incumprimento nun prazo determinado.

Si, transcorrido o dito prazo, persistise o incumprimento, o convenio poderá ser resolto unilateralmente pola parte cumpridora, sen prexuízo de que esta poida esixir, se é o caso, a reparación dos prexuízos efectivamente causados como consecuencia directa do incumprimento, sempre que ditos prexuízos queden debidamente acreditados.

Décimo primeira. *Vixencia*

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura por ambas partes.

A duración do presente convenio estará vinculada á execución do proxecto Sistema Intelixente Relacional para o Acompañamento (SIRA) e estenderase ata o 31 de decembro de 2028. O convenio poderá ser prorrogado por un periodo de ata catro anos adicionais mediante acordo expreso e por escrito das partes asinantes, que deberá formalizarse antes da finalización do prazo de vixencia.

O contido do presente convenio poderá ser modificado por acordo mutuo das partes, mediante a sinatura do correspondente acordo de modificación.

Décimo segunda. *Notificación electrónica*

De conformidade co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, GAIN na súa condición de entidade instrumental do sector público autonómico de Galicia, está obrigada a relacionarse exclusivamente por medios electrónicos coa Administración xeral da Comunidade Autónoma e cos seus organismos e entidades dependentes.

A presentación de escritos e documentación derivados do presente convenio efectuarase a través do Rexistro Electrónico Xeral da Xunta de Galicia, sen prexuízo das comunicacións ordinarias que as partes poidan realizar por outros medios electrónicos complementarios.

Décimo terceira. *Publicidade do convenio, transparencia e bo goberno*



As partes asinantes comprométense a cumprir coas obrigas establecidas en materia de transparencia e bo goberno, de conformidade co disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; na Lei 9/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno; e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En virtude do anterior, as partes aceptan expresamente que o texto íntegro do presente convenio sexa publicado no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes. Esta sinatura implicará, así mesmo, o consentimento expreso das partes para a inclusión e publicidade dos datos relativos ao convenio, en cumprimento do previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro.

E en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes asínano no lugar e na data da sinatura dixital

A conselleira de Política Social e Igualdade

O Presidente da Axencia Galega de Innovación
(GAIN)

Fabiola García Martínez

Román Rodríguez González

